

## PALABRAS CON MEMORIA

Dende hai xa unha ducia de anos Manuel Cabada Castro ven desenvolvendo unha valiosísima actividade ó servizo da recuperación de expresións galegas que, debido ás especiais circunstancias da lingua galega en dependencia do castelán, foron perdendo uso ata o punto de non figuraren (no momento no que as recolleu) en ningún dos dicionarios existentes.

Este labor vena realizando no contexto da sección de "Palabras con memoria" (da "Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega", A.E.L.G., á que pertence), competentemente xestionada inicialmente por Isidro Novo, e agora por Ramiro Torres.

Tódalas aquí sinaladas foron aceptadas e incluídas entre "Palabras con memoria". A meirande parte delas teñen a súa orixe en lugares pertencentes ó concello da Estrada (especialmente a miña parroquia natal estradense de Sabucedo) ou próximos ó mesmo.

### DEFINICIÓNS

#### abichar

Verbo usado para nomear o cortexo de parellas que xa teñen unha relación estábel coñecida publicamente e con vistas a unha vida en común.



#### chá escribideira

O nome científico deste paxaro sería o do "emberiza cirius". Escribenta.



#### froncia

Variante de fronza, folla miúda, pequena rama de xesta ou planta semellante.




#### afoute

Alegre, contento




#### chourizos de masa

Tipo de chourizos algo gordos, feitos cunha masa de farína con sangue cocida do porco con algunhas uvas pasas mesturadas coa masa.



#### gloria

Nunha resta de chourizos, boliña de carne entre un e outro.



#### alacoto

Pau grande e basto que se leva na man.



#### cirafollas

O paxaro denominado tamén virafollas, picafollas ou furafollas.



#### laugarrido

Ouriolo.



#### anguear

Expresión utilizada cando un can foxe laíándose dun ataque, ou cando ten fame, frío etc




#### cloco

Planta moi coñecida nos nosos montes que recibe outros nomes: dedaleira, dixital, alcroque, alicroque, estraloque...




#### patexo

Cangrexo de río (ademais de cangrexo do mar).



#### bicho

Cría nova cabalar, sexa macho ou femia, ata que ten máis ou menos un ano, que é cando empeza a ser denominada/o poldra/o.




#### escambroto

Espiña grande e dura dunha planta.



#### pera de San Lourenzo

Varietade de pera bastante saborosa, de tamaño medio, redondeira e de polpa algo granulada.



#### camborcía

Planta umbelífera que pode producir inflamacións e bochas na pel. Segundo o experto en flora galega Manuel Lainz, estase a falar da *Heracleum sphondylium*.



#### fachado/a:

Dise do cabalo ou da egua que ten na fronte un sinal máis ou menos ancho ou alongado de cor branca.



#### tafarros

Solapas da chaqueta

